



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de Formación e funcionamento dunha Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón

Por Resolución desta Alcaldía nº 170/2025 de data 28 de maio de 2025 aprobouse a Listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos para tomar parte no proceso de Formación e funcionamento dunha Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 28 de maio de 2025. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS BOLSA PEÓNS 2025

EXPEDIENTE: 2025/G003/000173

ANTECEDENTES:

Logo de ver a convocatoria e as bases reguladoras para a formación e funcionamento dunha bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal na categoría de Peón aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello en data 2 de abril de 2025 e publicadas no BOP nº 70 do 11 de abril de 2025 e no Taboleiro de Anuncios electrónico municipal, en data 14/04/2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no citado proceso de selección e vistas as solicitudes recibidas no prazo concedido para a súa presentación, a documentación achegada a elas e os informes que constan no expediente 2025/E001/000003.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aproba-la seguinte lista provisional de aspirantes admitidos/as, que son todos os que solicitaron, en forma e prazo, participar no proceso

A) ADMITIDOS/AS:

- 1.- GARCÍA GARCÍA, JOSÉ LUIS
- 2.- PERMUY SABÍN, MARIA DEL CARMEN
- 3.- CORTIZAS DÍAZ, JOSÉ MANUEL
- 4.- VARELA VARELA, MANUEL DANIEL
- 5.- TOJEIRO COUTO, CONSTANTINO

SEGUNDO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica <https://sede.monfero.es>) e na súa páxina web (concellodemonfero.com), e conceder un prazo de dous días hábiles, para presentación de reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros, se fora o caso.

Monfero, 28 de maio de 2025. O Alcalde en funcións: Alberto Cortizas Rejo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)